

"BIBLIOTECA ESCOLAR: CENTRO DE RECURSOS PARA O DESENVOLVEMENTO DUN PROXECTO DOCUMENTAL INTEGRADO"

COMO COMEZAN OS NOSOS PROXECTOS?

Quen propón o tema principal?

Como se acota e se fai o reparto?

Como o incluimos na nosa programación?

Pódese descolgar alguén?... (profesorado implicado)

A BIBLIOTECA COMO CENTRO DE RECURSOS. Que aporta ao desenvolvemento do proxecto?

- Organización (das visitas, charlas, especialistas, calendario...)
- Documentos en diversos soportes (novas adquisicións, centro de interese sobre a temática do proxecto, selección dos documentos existentes na biblioteca...)
- Espazo de traballo (mesas de traballo, lugar para as charlas-encontro, espazo para obradoiros...)
- Elementos tecnolóxicos necesarios (ordenadores, conexión a internet, reprodutor de DVD Home Cinema con canón multimedia...)
- Formación para o alumnado como usuarios da biblioteca
- Formación para o profesorado (GT, sesións de claustro...)

FASES NA ELABORACIÓN

1) Motivación:

- Presentación do tema
- Saídas
- Exposición de documentos nun centro de interese na Biblioteca
- Exposicións fotográficas e de cartelería
- Proxección de documentais ou películas
- Debate no grupo
- Ambientación nas aulas... e ciclos

2) Procura e tratamento da información

- Buscar nas fontes
 - Orais
 - Escritas
 - Audiovisuais
 - Gráficas
 - Internet
 - Biblioteca pública e escola
 - Casa (familia)
- Analizamos a información que nos dá o coñecemento sobre o investigado
- Plasmámolo en traballos: murais, presentacións dixitais, mapas conceptuais, vídeos, diferentes estilos de textos, creación de museos, maquetas, dossier, blog...

3) Presentación

Fase final do PDI na que se comunica o aprendido.

EXISTEN OS PROXECTOS DENTRO DOS PROXECTOS?

Durante o desenvolvemento do PDI xurden pequenas intervencións derivadas do Proxecto Principal pero que teñen un peso significativo.

Estas intervencións adquiren unha entidade propia, aínda que veñen derivadas da temática principal escollida, e convértense en pequenos puntos de encontro entre as distintas dinámicas desenvolvidas nos ciclos durante a fase de procura e tratamento da información. Toda a Comunidade Educativa traballa os distintos momentos do ano empapándose da temática escollida para o PDI.

Exemplos concretos: Plantacións, Rastro Solidario, Entroido, Día das Bibliotecas Escolares...